

ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 12.11.2015

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación da acta anterior
- 2.- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Chapela para a Comisión Territorial do PXOM.
- 3.- Proxecto Redondela 2020.
- 4.- Proxecto de compostaxe e Reciclado Redondela 2016-2020.
- 5.- Propostas modificación Regulamento Consellos Parroquiais.
- 6.- Ubicación parque e praia para cans en Chapela.
- 7.- Fontes e Lavadoiros.
- 8.- Rogos e preguntas

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas e cinco minutos do día doce de novembro de dous mil quince, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M^a Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión ordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS

PP: Julio Mougán Vázquez
BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira
PSOE: Mauro Álvarez Castro
AER: Roberto Villar Rodríguez

3.- REPRESENTANTES DE ENTIDADES VECIÑAIS

- Cesar Domínguez Fernández

3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAI

- Fernando Casas Gómez

1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

1.- REPRESENTANTE DA COMUNIDADE DE MONTES

- Francisco Puch Casal

1.- REPRESENTANTE DA ASOCIACION DE MULLERES

- María Isabel Álvarez González

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

1.- Aprobación da acta anterior.

Pola Presidencia sométense a aprobación a acta do Consello Parroquial celebrado o 26.01.15, que queda aprobada por unanimidade.

Antes de dar comezo co segundo punto da orde do día, o Sr. Roberto Villar, manifesta que non lle parece razoable que non se convocará durante tanto tempo outro consello parroquial con tantos problemas como hai en Chapela.

Xabier Balsas, pregunta que se houbo cambio de goberno como non se renovaron os membros do Consello, xa que se leva esperando tres anos e non lle parece lóxico que se exclua a Asociación de Veciños que son os que representan aos veciños.

O Presidente manifesta que na proposta de modificación a representatividade dos membros do consello parroquial se renovaran en cada mandato, ca Asociación de veciños se retirou voluntariamente, que habia tres prazas e tiña que poñerse dacordo a Asociación de veciños e os da AP-9.

Que en decembro se convocara un consello extraordinario para tratar o tema do Regulamento, e en cada consello parroquial se aprobara un regulamento dacordo coas características da parroquia.

2.- Nomeamento do representante do Consello Parroquial de Chapela para a Comisión Territorial do PXOM.

O Presidente manifesta co Plan Xeral esta en marcha e hai que nomear unha persoa por parroquia que participe voluntariamente nas fases de traballo, que queira participar co equipo redactor para representar ao Consello Parroquial e os veciños de Chapela.

Roberto Villar, manifesta que hai pouco quórum no consello para decidir este punto, que é un tema moi importante e teran que xuntarse os colectivos para nomear unha persoa.

O Presidente manifesta que se presenten propostas no consello parroquial que se celebrara dentro de 15 días.

Xabier Balsas, manifesta que hai unha Asociación de veciños e seria unha das mais indicadas para representar a parroquia e o Consello Parroquial

O Presidente manifesta que a Asociación de veciños se deu de baixa e declarouse en folga.

Que se presentou unha moción quedou aprobada en pleno pero non prosperou.

Roberto Villar, manifesta que a moción non prosperou porque a exposición do goberno non foi axeitada que incluso houbo un informe xurídico da Secretaria, e que non hai vontade de solucionar o conflito, xa que a moción ten que levala a cabo o Concello e non foi capaz de levala.

Cesar Domínguez, manifesta que eles estiveron vetados durante moito tempo, e que consideran que teñen que estar, que están dispostos a asistir un representante, outro de xubilados e outro da Asociación de veciños mentres non se modifique o regulamento, xa que están dacordo en que se repartan, e o que non está, e porque non quere.

Xabier Balsas, manifesta que cree que isto acaba sendo un enfrentamento entre a AP-9 e a Asociación de Veciños, que se están deixando de lado as persoas que están representando aos veciños, e que a proposta do regulamento o lóxico é que se envíe a todos os colectivos.

O Presidente manifesta que vaise mandar ao resto das Asociacións que non están presentes no consello parroquial a proposta de modificación do regulamento dos consellos parroquiais e convocase un extraordinario dentro de tres semanas.

Roberto Villar, manifesta que non están dacordo con algúns puntos e hai que facer un debate, e que hai asociacións que igual lle interesa estar.

Xabier Balsas manifesta que segue habendo equívoco xa que a Asociación de veciños ten que estar rexistrada como Asociación de veciños, e que iso foi o que creou parte do conflito, e que un regulamento ten que funcionar na teoría.

Roberto Villar, manifesta que o da representación é un pouco típico xa que o consello parroquial non representa a toda parroquia, xa que hai xente que non está na Asociación de veciños e podería vir aquí a exponer o seu problema, e non se pode xeneralizar porque non se representa a todos.

Xabier Balsas propon que se aclare o equívoco con que se xogou no pasado entre “Asociacións de veciños” e “asociacións veciñais”. As asociacións de veciños representan o total da veciñanza mentres que outros colectivos son en maior ou menor medida sectoriais, polo que as asociacións de veciños deben contar cun epígrafe propio que garante a súa representación.

Cesar Domínguez, manifesta que eles están dispostos a repartir os postos o único culpable é a Asociación de Veciños, xa que nadie a votou, que si queren entrar que veñan nas mesmas condicións.

O Presidente manifesta que o reparto que propón é:

Tres representantes da Asociación de veciños.

Tres representantes de Asociacións culturais.

Dous representantes de Asociacións deportivas.

Un representante por cada un das restantes Asociacións ata un total de 15.

Cinco políticos.

Un Presidente.

E propoñen que os grupos que non estén representados que a os dous anos roten para que participen todos.

Roberto Villar, manifesta que hai que ter un regulamento de participación para estar no consello, xa que se ten obrigación de comunicar aos socios o que pasa no Consello.

Fernando manifesta que o que ten interés preocupase e pregunta o que se falou no consello parroquial

Mauro Alvarez, manifesta que os que non están representados que presenten proposta por correo.

3.- Proxecto Redondela 2020.

O Presidente manifesta que en relación co proxecto Redondela 2020 se poden presentar na páxina web do Concello aportacións ou propostas para o futuro de Redondela, e que a través dos colectivos darlle a coñecer os socios o que hai na páxina web para poder participar.

4.- Proxecto de compostaxe e Reciclado Redondela 2016-2020.

O Presidente manifesta que en relación co Proxecto de compostaxe e Reciclado Redondela 2016-2020, fíxose a presentación na cal había 2 ou 3 persoas de Chapela, xa que hai que reducir o gasto.

Roberto Villar, manifesta que o problema do gasto da basura é en función do tonelaxe, e que Redondela carece dun punto limpio, e hai que facer campañas de concienciación, que cando se recicla xeranse cartos e o beneficio o leva a concesionaria.

O Presidente manifesta que o 50% da basura é orgánico que vai o contenedor verde, e si se reduce e faise compostaxe podese aforrar.

Roberto Villar, manifesta que non so se soluciona co compostaxe.

O Presidente manifesta que se repartiron contenedores para compostaxe, e que hai que ensinar a xente a compostar e facer compostaxe comunitario, que vai vir un mestre que vai a explicar como se fai o compostaxe, que se vai presentar o proxecto nunha zona comunitaria que en breve se anunciara, ca xente as que se lle regale o composteiro se lle fara un seguimento, que se estan buscando sitios donde haxa núcleo de poboación en Chapela ou Redondela, e despois ese compos podese dar na feira das sementes para os propios veciños.

Vaise a poñer en proba durante 6 meses facer recollida porta a porta de produtores grandes de compostaxe e porase un contenedor e recollerase.

Porase unha máquina para facer triturado de ramas e habilitarase unha zona para que se poida facer para que os veciños poidan ir a coller o estruturante, poñerase dous ou tres puntos en Redondela.

En Redondela estase en contacto con 4 ou 5 edificios para poñer os composteiros e en Chapela estase buscando sitio.

6.- Ubicación parque e praia para cans en Chapela

O Presidente manifesta que se levou dúas mocións o pleno para o parque para animais, que Costas deu autorización para habilitar unha zona na praia de Cesantes, e en Chapela a zona de Frioya non fructificou, que AER presentou unha moción e decidiron unha zona entre os dous pantalans na praia de Cardona.

Que para o parque acordouse no pleno traer o tema ao consello parroquial e decidir, que se propon dúas posibles zonas no multiusos e na zona da estación unha zona donde hai un terreno de ADIF, o cal habería que conseguir unha cesión

Roberto Villar, manifesta que tamen pode ser xunto a igrexa.

Francisco Puch, manifesta que hai que consultalo cos veciños.

O Presidente manifesta que hai que consensuar cos veciños e facer propostas para o seguinte consello parroquial.

Fernando, manifesta que as consecuencias seran de quen fixo a proposta, cada un asumira a súa responsabilidade.

7.- Fontes e lavadoiros

O Presidente manifesta que se reparou o lavadeiro da Buraca e que hai dous pendentes de traslado polas obras da AP-9, que o arranxo da fonte en Cidadelle pediuse unha subvención a medio rural para recuperar zonas degradadas a cal foi concedida e fíxose un estanque e unha zona de recreo, e que en relación coa fonte do Ñica a pedra esta gardada no Concello para cando se poida reubicar.

Roberto Villar, pregunta si o Concello ten previsto un plan de mantemento das fontes, que algún día foron novas e se estropearon por abandono, para poder garantir a potabilidade o mesmo cos parques infantís do Concello que hai que mantelos.

O Presidente manifesta que hai cousas que se poden buscar solucións como o da fonte da Fraga, que a fonte da Estación estaba escondida e cambiouse 3 metros de tubo e o tubo do nacente, un tramo non se poido cambiar porque hai travesas do tren.

O próximo lavadeiro para reparar é o de Pousadouro.

8.- Rogos e preguntas

Francisco Puch. manifesta que en relación coa humanización da Avda. de Vigo, hai que poñer un semáforo de entrada e saída en San Telmo e baixada a Pescanova.

Baltasar Cela, manifesta cos buratos xunto o pavillón de Chapela estan sen arranxar.

O Presidente manifesta que no próximo consello parroquial levarase o proxecto para mirar.

Baltasar Cela, pregunta si non se aumenta a cuantía dos orzamentos participativos.

Francisco Puch, manifesta que hai que expropiar o terreo para poder facer unha entrada en condicións para o multiusos.

O Presidente manifesta que a expropiación tarda moito.

Roberto Villar, manifesta que xa pasaron catro anos dende que se dixo no consello. Que nesta convocatoria faltan puntos sobre AP-9, xa que van a mover o parque da Igrexa.

O Presidente, manifesta que hai unha comisión para estes temas e que se pode meter na orde do día.

Fernando, manifesta que sempre se están tratando os mesmos temas e non se avanza nada.

Roberto Villar, manifesta que hai que informar sobre os puntos que se tratou da autopista, xa que van a mover o parque da Igrexa, e que vai a pasar con eses terreos, hai que pensar que nalgún momento os terreos van quedar para Audasa.

Cesar Domínguez, manifesta que neste momento non procede solicitar a reversión ao Concello.

Roberto Villar, manifesta que non se esta informando a cidadanía do que se esta facendo na AP-9, non se informou a oposición de que se iba a asinar o dos terreos en Santiago, nin das condicións, deixan a actividade do colexio desprotexida.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.